

<b>INFORME DE INTERVENCIÓN</b>
--------------------------------

<b>ASUNTO: EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 202 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS. EJERCICIO 2023.</b>
---

En cumprimento do establecido no artigo 54 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL), no artigo 92.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), no artigo 172 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) e no artigo 4 do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, e en cumprimento do disposto no artigo 214 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e de acordo co Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, emito o seguinte informe:

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Constitución española de 27 de decembro de 1978 (CE)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, LRBRL.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.
- Lei 39/2015 de 1 de outubro pola que se aproba a Lei de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Ordenanza fiscal xeral.

ANTECEDENTES:

- Decreto número 9395/2022 do 27.09.2022 da Tenenta de Alcadesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellos Fondo, de inicio do expediente de modificación e actualización de determinadas Ordenanzas fiscais vixentes.
- Informe do Servizo de Facenda Local, asinado pola súa xefa de servizo, Isabel Carbonés Bosch, de data 11.10.2022, coa conformidade de Asesoría Xurídica, do 11.10.2022, de aprobación do proxecto de modificación de determinadas ordenanzas fiscais, en cumprimento do decreto núm. 9395/2022, recollendo os cambios propostos tanto polos Tenentes de Alcadesa Delegados de área como polos Concelleiros Delegados e responsables dos diferentes Servizos.

## INTERVENCIÓN

MVF/pfa

Refª: ispac909321965511957683.doc

Asunto:

En concreto, en relación á Ordenanza Fiscal núm. 202 reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, o Servizo de Facenda Local recolle as seguintes modificacións propostas pola súa xefa de Servizo:

- o Engadir un parágrafo oitavo ao artigo 4 bis, no que se regula que as bonificacións dos parágrafo 2 a 7 do artigo 4 bis "exencións e bonificacións" serán a instancia de parte, admitindo coma tal a aplicación da bonificación na correspondente autoliquidación.*
- o Suprimir o parágrafo 9 do artigo 4º bis, relativo a bonificación do 95% da cota do imposto para as construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de "especial interese ou utilidade municipal" estritamente ao Centro Integral de Saúde do Barrio da Residencia á vista que o Convenio de Colaboración entre a Consellería de Sanidade, Servizo Galego de Saúde e o Concello de Lugo polo que se establecían as bases para a execución das obras do anteproxecto do centro integral de saúde do Barrio da Residencia, Reconversión do Antigo Hospital Materno Infantil de Lugo en centro de saúde mental centro de saúde, PAC e Base do 061, que finalizou na data de 22.09.2022.*
- o Modificar o artigo 4º Bis da Ordenanza Fiscal número 202 reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras establecendo unha bonificación do 95% da cota do imposto para as construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de "especial interese ou utilidade municipal" por tratarse de obras destinadas estritamente a execución das obras de reforma do centro de saúde A Milagrosa ata a data de 22.06.2026 a vista do Convenio de Colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Lugo para a execución das obras de reforma do Cento de Saúde A Milagrosa, asinado na data de 22.06.2022, vixente por un período de catro anos dende a súa sinatura (ata 22.06.2026).*

- Anteproxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal núm. 202, asinado pola Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellos Fondo, o 11.10.2022

- Ditame favorable do Tribunal Económico Administrativo, asinado polo seu Presidente, Emilio Fernández Pita, a súa secretaria, Ana Tabarés Martínez e mailo seu vogal, Pedro Fernández Agustí, o 13.10.2022

- Informe xurídico de Secretaría, asinado por secretario xeral do Pleno, Rafael José del Barrio Berdel o 13.10.2022, concluíndo o carácter favorable á tramitación da modificación proposta.

### **Extremos de xeral comprobación:**

- **Órgano competente:** Consideración Xurídica Cuarta do informe xurídico do Secretario Xeral do Pleno:

*"De conformidade co disposto no artigo 127.1 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación dos proxectos de ordenanzas e regulamentos municipais.*

*De conformidade co disposto no artigo 123.1d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, corresponde ao Pleno a aprobación das ordenanzas e regulamentos municipais.*

*En consecuencia, corresponde á Xunta de Goberno local do Concello de Lugo a aprobación dos proxectos de modificación de ordenanzas referenciados, e, posteriormente ao Pleno da corporación*

*municipal a aprobación inicial/provisional da modificación das ordenanzas referenciadas, polo quórum de maioría simple, previo ditame da Comisión informativa especial de contas e permanente ordinaria de alcaldía e gobernanza: economía e recursos humanos”.*

- **Inicio do expediente:** Decreto número 9395/2022 do 27.09.2022 da Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellos Fondo, de inicio do expediente de modificación e actualización de determinadas Ordenanzas fiscais vixentes.

- **Informe do máximo responsable do servizo:** Informe do Servizo de Facenda Local, asinado pola súa xefa de Servizo, Isabel Carbonés Bosch, de data 11.10.2022, coa conformidade de Asesoría Xurídica, do 11.10.2022, de aprobación do proxecto de modificación de determinadas ordenanzas fiscais, en cumprimento do decreto núm. 9395/2022, recollendo os cambios propostos tanto polos Tenentes de Alcaldesa Delegados de área como polos Concelleiros Delegados e responsables dos diferentes Servizos.

En concreto, en relación á Ordenanza Fiscal núm. 202 reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, o Servizo de Facenda Local recolle as seguintes modificacións propostas pola súa xefa de Servizo:

- o Engádese ao artigo 4ºbis “exencións e bonificacións”, un parágrafo oitavo que queda redactado como segue:

*“8. Para gozar de calquera das bonificacións mencionadas, será necesaria que o suxeito pasivo solicite, no momento de presentar a correspondente solicitude da licenza ou comunicación previa ou declaración responsable das obras, construcións ou instalacións. A aplicación da bonificación na autoliquidación do imposto debe entenderse como solicitude deste beneficio fiscal. A tal efecto deberá detallarse na autoliquidación o tipo de bonificación solicitada.”*

- o Súprimir o parágrafo 9 do artigo 4º bis “exencións e bonificacións”.
- o 3) Engadir un parágrafo 9 ao artigo 4º bis “exencións e bonificacións”, que queda redactado como segue:

*“9. Establécese unha bonificación do 95% da cota do imposto para as construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de “especial interese ou utilidade municipal” por tratarse de obras destinadas estritamente a execución das obras de reforma do centro de saúde A Milagrosa, non afectando ás posteriores modificacións ou reformas que se realicen, e terá como data de finalización 22.06.2026.*

*Esta bonificación non terá carácter acumulativo e afectará unicamente ás obras incluídas no proxecto de reforma do centro de saúde A Milagrosa.*

*A declaración de “especial interese ou utilidade municipal” corresponderá ao Pleno da Corporación por maioría simple.*

## INTERVENCIÓN

MVF/pfa

Refª: ispac909321965511957683.doc

Asunto:

*Para poder gozar desta bonificación, a Xunta de Galicia a través da Consellería correspondente ou ben a entidade mercantil adxudicataria das obras deberán solicitar do Pleno da Corporación a declaración de “especial interese ou utilidade municipal”.*

*Presentada a solicitude, e unha vez completado o expediente elevarase a correspondente proposta de acordo ao Pleno da Corporación. O acordo polo que se conceda ou denegue a declaración de especial interese ou utilidade municipal notificarase ao interesado. Unha vez outorgada polo Pleno a declaración de especial interese ou utilidade da construción, instalación ou obra, procederase á concesión da bonificación polo órgano competente. No momento da aprobación da preceptiva licenza de obras, procederase á aprobación da liquidación provisional resultante aplicando a bonificación concedida. Non obstante o anterior, se outorgada a licenza, aínda non se tivese efectuado a declaración de especial interese ou utilidade municipal instada, ou non se tivese concedido a bonificación, practicarase liquidación provisional conforme ao proxecto presentado ou a valoración efectuada, procedéndose á devolución da parte que corresponda se posteriormente se outorgase polo Pleno a mencionada declaración e/ou se concedese a oportuna bonificación.”*

- **Informe de Asesoría Xurídica:** Consta a conformidade do xefe da Asesoría Xurídica, Manuel Louzao Aldariz, prestada con data 11.10.2022 ao informe do Servizo de Facenda Local de aprobación do proxecto de modificación de determinadas Ordenanzas Fiscais.

- **Proposta do responsable da área xestora:** Anteprojecto de modificación da Ordenanza Fiscal núm. 202, asinado pola Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellos Fondo, o 11.10.2022

- **Ditame do Tribunal Económico Administrativo:** Ditame favorable do Tribunal Económico Administrativo, asinado polo seu Presidente, Emilio Fernández Pita, a súa secretaria, Ana Tabarés Martínez e mailo seu vogal, Pedro Fernández Agustí, o 13.10.2022

- **Informe Xurídico:** Informe xurídico de Secretaría, asinado por secretario xeral do Pleno, Rafael José del Barrio Berdel o 13.10.2022, concluíndo o carácter favorable á tramitación da modificación proposta, concluíndo: *“que unha vez emitido o informe preceptivo da intervención municipal procede a súa aprobación polos órganos competentes.”*

### RESULTADO DA FISCALIZACIÓN PREVIA LIMITADA

**Procede a tramitación do expediente, en base aos informes favorables que conclúen o seu carácter favorable, coa seguinte observación:**

Deberá de formularse, por parte do Servizo de Facenda Local, proposta de modificación da Ordenanza de referencia ao órgano competente, logo da emisión dos informes obrantes no expediente, así como a fiscalización favorable do expediente emitida por esta Intervención.

Cómpre recordar que a fiscalización da Intervención haberá de realizarse sobre da proposta que finalmente se eleve a consideración do Pleno da Corporación, de xeito que haberá de observarse dita circunstancia no caso de sufrir variación o expediente remitido.

**INTERVENCIÓN**

MVF/pfa

Refª: ispac909321965511957683.doc

Asunto:

Este é o meu informe, que someto a calquera outro con mellor criterio fundado en Dereito.  
Non obstante, o órgano competente decidirá o que estime máis conveniente aos intereses xerais.

*Asinado dixitalmente polo Interventor Xeral Municipal, Manuel Vázquez Fernández, na data que se indica á marxe.*